

ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 14 DE ABRIL DE 2016

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura como **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Xurxo Dopico Calvo, Manuel Reyes García Hurtado, Teresa López Fernández e José Daniel Pena Agras.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

I . Informe do reitor

O reitor comezou informando da última xuntanza da CRUE en que se ratificou o acordo sobre a moratoria na implantación de títulos 3+2 até o curso 2017-2018 e se pactou a exclusión da CRUE das universidades que o incumpran. Con todo, o reitor advirte que xa hai universidades que teñen previsto implantar titulacións 3+2 o próximo curso, ben entendido de que se trata, en todos os casos, de titulacións novas e non da transformación de títulos xa existentes. Sexa como for, creouse no seo da CRUE unha comisión encargada de determinar se eses novos títulos se corresponden ou non con títulos xa existentes.

Deu conta tamén da aprobación do convenio entre a CRUE e o CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) para todas as universidades públicas, que permite o uso sen problemas de contidos suxeitos a dereitos de autor nas plataformas virtuais a cambio de tres millóns de euros por ano. Para a UDC, este acordo suporá pagar 30 000 € ao ano á entidade xestora de dereitos de autor, malia termos xa con ela un acordo anterior máis favorable.

Tras informar do cambio na presidencia de dúas comisións – TIC e I+D+i – indicou que esta última insistiu perante o MINECO co obxectivo de pór fin á sobrecarga burocrática que para as universidades están a supor as esixencias abusivas de xustificación das axudas concedidas por este departamento.

Noutra orde de cousas, fixo partícipe ao Consello da xuntanza mantida o pasado 5 de abril entre os equipos de goberno da UDC e do Concello da Coruña no curso da cal, continuando o traballo comezado na anterior do 5 de novembro do ano pasado, se afondou na colaboración entre ambas as institucións en asuntos de interese común tales como os culturais, deportivos e, entre outros, o transporte.

A seguir, o reitor pasou a palabra aos responsables das diferentes vicerreitorías, así como ao xerente, para informaren dos asuntos propios de cadansúa área:

O **vicereitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informou do seguinte:

a) Estado das convocatorias pendentes:

Nas convocatorias de predoutoral e posdoutoral da Xunta de Galicia presentáronse 94 predoutorais (116 en 2014) e 25 posdoutorais modalidade A (15 en 2014). Para



posdoutorais da Modalidade B só temos 1 solicitude. Tras os problemas coa nova plataforma en liña, agrádecese o gran apoio da Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores que estiveron en todo momento asesorando as persoas solicitantes.

A data de hoxe están aínda por resolver as convocatorias do MINECO. En especial aínda non se convocou a de JÓVENES INVESTIGADORES.

Na Convocatoria Retos – Colaboración 2016, presentáronse oito solicitudes con empresas e investigadores. As empresas participantes son: Pharma Mar, Boibel Forestal, S.L., Abn Pipe Systems Slu, Ediagnostic Clínica Virtual de Especialidades Medicas, S.L., Developbiosystem, S.L, R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A., Tecnologías Plexus S.L., Ixion.

No obradoiro de presentación da Convocatoria Programa-IGNICIA. Proba Concepto, organizado pola OTRI, participaron 22 investigadores interesados na preparación de propostas a este programa do GAIN e Fundación Barrié. O programa ten por obxectivo facilitar a transferencia da investigación ao mercado, acelerando e aumentando os éxitos nos procesos de transferencia tecnolóxica e, por tanto, valorizando os resultados da investigación. Os proxectos serán flexibles, segundo as necesidades, e oscilarán entre os 200 000 e os 500 000 euros.

b) UMI-Navantia-UDC: con respecto á Unidade Mixta de Investigación “Estaleiro 4.0” cómpre informar de que xa están contratados oito investigadores situados nos espazos do CIT de Ferrol. O traballo estase desenvolvendo con axilidade: teñen lugar reunións periódicas do Comité de Dirección a que asiste o vicerreitor e o adxunto de Transferencia. Ademais, de forma bimensual, están programadas reunións de traballo, para expor os logros alcanzados polos grupos de investigación, o Comité de Dirección e os responsables de Navantia. Como parte da visibilidade desta UMI onte fíxose unha xuntanza na sala de prensa para informar dos obxectivos alcanzados e das liñas futuras. Neste sentido este vicerreitor quere deixar patente o agradecemento ao investigador Ricardo Cao, que seguiu colaborando de forma activa en todas as reunións da UMI ata que non se fixo efectivo o nomeamento do novo adxunto de transferencia, Fidel Cacheda Seijo.

A continuación, o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** dou conta dos asuntos seguintes:

Resolución da UDC do 14 de marzo de 2016, pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento de Física Aplicada a don Joaquín López Lago, publicada no BOE o día 8 de abril de 2016. O profesor López Lago tomou posesión da súa praza o día 13 de abril.

Autorizacións na contratación de PDI laboral en aplicación das delegacións do Consello de Goberno no vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente:

- Contratación dun/unha profesor/a asociado/a con dedicación a tempo parcial P05, empregando a listaxe de agarda da praza 15/4002, na Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Departamento de Dereito Público Especial, debido á renuncia do profesor asociado P05 don Luis Fernando de Castro Mejuto. Este contrato ten vixencia ata o 31/08/2016.

Prórroga do cambio de dedicación de P06 a TC da profesora interina de substitución dona Nuria Rebollo Quintela até a finalización do curso académico, na Área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, no Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación, dado o avanzado do curso académico e ante a previsible xubilación do profesor substituído, don Xabier de Salvador González.

Contratación dun/unha profesor/a asociado/a T1 con dedicación a tempo parcial P03, empregando a listaxe de agarda da praza 15/3005, na área funcional de Podoloxía, Departamento de Ciencias da Saúde, debido á baixa por IT da profesora asociada P06 dona Carmen Bouza Vivero, para cubrir a docencia no practicum do Grao en Podoloxía. Este contrato ten vixencia ata o 31/08/2016.

Cambio de dedicación de P03 a P06 da profesora asociada T1 dona Carolina Bernabeu Pena ata a finalización do curso académico, na área funcional de Podoloxía, Departamento de Ciencias da Saúde, pola finalización do contrato por xubilación de don Carlos Javier Álvarez Castro, profesor asociado P06.

Venias docentes autorizadas e denegadas na reunión da COAP do día 8 de abril de 2016 en virtude da delegación do Consello de Goberno:

Autorizadas: dona Lucía Varela Porteiro, para a docencia nas materias de Auditoría Laboral e Prevención e Xestión de Riscos Laborais II, na EU de Relacións Laborais; dona Belén Rodríguez San Adrián, para a docencia en Enfermaría da Saúde Mental, na EU de Enfermaría.

Denegada: dona Lucía Varela Porteiro, para a docencia en Dirección Estratéxica, na EU de Relacións Laborais.

A COAP, na mesma reunión do día 8 de abril de 2016, acorda remitirlle ao Consello Social da UDC a proposta de recoñecemento dos complementos autonómicos aos labores docente e investigador dunha relación de 14 profesoras e profesores coa valoración positiva da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) remitida pola ACSUG.

Pola súa parte, a **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou ao Consello dos asuntos seguintes:

Actividades da Área de Deportes, con respecto aos campionatos universitarios de España e Galicia: o 29 de marzo tivo lugar na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física o Campionato Galego Universitario de Natación entre as universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña, en que se proclamou gañadora a UDC. No mes de febreiro a UDC estivo representada por dous atletas no Campionato de España de Campo a Través. O equipo feminino de fútbol 7 da UDC participará entre os días 9 e 13 de maio no Campionato de España que se realizará en Almería. Só participan as oito mellores universidades españolas. O equipo de voleibol feminino participará entre os días 25 e 28 de abril no Campionato de España que se realizará en Soria, no cal tamén participan unicamente as oito mellores universidades españolas. A próxima semana, a UDC estará representada nas modalidades de tenis e hípica no Campionato de España que se disputará en Madrid. O martes disputouse a fase interzonal de rugby masculino, onde se

clasificaron para o Campionato de España. O próximo mes de maio hai representación nos campionatos de España nas modalidades de atletismo, pádel e vela.

A UDC participou nas Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, onde se informa e orienta o alumnado de educación secundaria sobre a oferta de estudos universitarios, e outros estudos, así como das saídas profesionais ao seu remate, organizadas polo Concello da Coruña e que tiveron lugar do 11 ao 15 de abril. Este ano asistiron 4040 estudantes.

O pasado 7 de abril comezou o FITEUC 2016 (Festival internacional de Teatro Internacional) que organiza a UDC ao longo do mes de abril.

Convocatorias abertas: o 28 de marzo publicouse a relación provisional das solicitudes admitidas e excluídas para a valoración posterior da Comisión de Extensión Universitaria das axudas da UDC para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias no ano 2016. O 4 de abril publicouse a relación provisional das solicitudes admitidas e excluídas para a valoración posterior da Comisión de Extensión Universitaria das axudas para a organización dos cursos de verán de 2016. O 5 de abril publicouse a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas da convocatoria SICUE para a avaliación posterior da comisión de valoración.

Dou conta igualmente do acto organizado para conmemorar o IV Centenario da morte de Cervantes, que consistirá na lectura do primeiro parágrafo de O Quixote en castelán, galego, chinés e outros idiomas por parte de alumnado Erasmus e PDI da nosa universidade.

Agradeceu, por último, o traballo realizado durante estes anos pola técnica de cultura Isabel Peña, que se xubilou o pasado día 8 de abril.

A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informou acerca dos asuntos seguintes:

A Secretaría Xeral de Universidades remitiu (con data 16 de febreiro) os informes de avaliación dos plans de viabilidade emitidos pola ACSUG dos graos en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; Información e Documentación, e Humanidades. A Comisión de Avaliación da ACSUG emitiu un parecer favorable condicionado. Tras varias consultas ás técnicas e ao director da ACSUG, e unha reunión co secretario xeral de Universidades para intentar aclararmos todas as dúbidas xurdidas sobre estes informes, o día 1 de abril recibimos un escrito da Secretaría Xeral de Universidades onde se nos comunica, con respecto ao Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, que se tramitará para informe no vindeiro Consello Galego de Universidades e posterior resolución da Secretaría Xeral, ao serlle de aplicación a modificación do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, relativa á regra específica introducida no artigo 6. Polo que se refire aos graos en Humanidades e Información e Documentación, concédesenos unha ampliación do prazo inicialmente establecido até o 1 de maio para presentar os plans de viabilidade, modificados de acordo co formato e características establecidas pola ACSUG. A ampliación deste prazo débese a que até o 6 de abril non recibimos as instrucións da ACSUG –previamente solicitadas por escrito por esta vice-reitoría ao director, o 15 de marzo– para elaborar os documentos relacionados cos plans de viabilidade.

Tras finalizar o trámite de verificación dos mestrados universitarios en Bioinformática para Ciencias da Saúde, Eficiencia e Aproveitamento Enerxético, Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos e Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, e do programa de doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento, agradecemos o importante labor de colaboración dos coordinadores na tramitación destes cinco títulos, que xa están incluídos na oferta de prazas para o curso 2016-2017.

As propostas de modificación de graos e mestrados para o curso 2016-2017 seguen o seu curso.

O prazo de presentación de solicitudes da convocatoria de estadías predoutorais Inditex-UDC 2016 finalizou o día 8 de abril.

O CUFIE puxo en marcha un grupo de traballo para crear un programa de apoio á innovación docente, cuxo primeiro paso será organizar unha xornada nos primeiros meses do vindeiro curso académico para coñecer as iniciativas de innovación docente, que se están a levar a cabo na nosa universidade.

Desde o día 18 de febreiro até o momento, sete centros recibiron a visita da Comisión de Avaliación para a renovación da acreditación de doce títulos de grao e mestrado: Mestrado en Avogacía, Grao en Socioloxía, Grao e Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática, graos en Enxeñaría de Obras Públicas e en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil, Mestrado Universitario en Enxeñaría da Auga, Grao en Tecnoloxías Mariñas, Grao en Náutica e Transporte Marítimo, Mestrado Universitario en Enxeñaría Mariña, Mestrado Universitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega e Mestrado Universitario en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía.

Pola súa parte, a **vicereitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social** participou ao Consello os asuntos seguintes:

Incorporación da UDC ao grupo de traballo «Comunicación e Web» da Rede SAPDU (Red de Servicios de Apoyo a Personas con Discapacidad en la Universidad) dependente da CRUE. A persoa designada para representar a UDC é Sonia Seijas, responsable da Unidade de Atención á Diversidade na UDC.

A sinatura dun convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia e a UDC para a posta en funcionamento dun punto Quérote + na Universidade da Coruña. Trátase dun servizo de asesoramento para a mocidade sobre temas relacionados coa sexualidade, autoestima, convivencia, uso responsable das TICS e hábitos saudables. Este punto de información está instalado no CUR e funciona os mércores das 17:00 ás 19:00 horas. Estamos en conversas para poder prestar este servizo tamén en Ferrol, a cuestión é que a día de hoxe a delegación do Quérote + no concello de Ferrol non está operativa.

O día 5 de abril reuniuse a Comisión Técnica do programa *UDC Saudable* para avaliar as propostas recibidas dos distintos centros e preparar a programación de actividades de que se dará conta a este Consello de Goberno unha vez rematada.

O día 11 inaugurouse no campus de Ferrol a exposición sobre as galardoadas co premio Josefa Wonenburger da Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia. Ao acto de inauguración acudirán a secretaria xeral de Igualdade e a subdirectora xeral de Promoción

da Igualdade. A exposición pode visitarse na galería do salón de actos do campus ata o 25 de abril.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** dou conta das visitas realizadas aos centros que imparten docencia en inglés para comprobar de primeira man os problemas advertidos nos primeiros meses de aplicación do programa e, en relación con esta iniciativa, da reunión mantida cos responsables de Xescampus e da ORI para solucionar os problemas de xestión académica detectados.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou das imputacións e validacións ditaminadas na sesión da Comisión de Asuntos Económicos que tivo lugar o día 13 de abril de 2016 por un importe total de 1 335 208,33€ (imputacións) e 1 199 630,67€(validacións).

Finalmente, o xerente informou da resolución do 12 de abril de 2016, en que se ditan instrucións para o pagamento do 25,14% (46 días) da paga extra correspondente ao mes de decembro de 2012.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2016

A acta foi aprobada por unanimidade.

3. Contratos e convenios

O secretario xeral informou da sinatura, desde a data do último Consello de Goberno de cinco convenios marco, 23 específicos e 106 convenios para a realización de prácticas con diversas empresas e institucións e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo III**.

4. Límite de prazas 2016-2017

A vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente informou dos límites de prazas enviados polos centros da UDC (a documentación figura no repositorio documental da UDC).

Interveu a seguir o decano da Facultade de Informática, profesor Luís Hervella, para chamar a atención sobre a importancia de que por parte da Administración se respecten os límites indicados polos centros co fin de evitar problemas de organización. A esta solicitude adheríronse tamén os decanos da Facultade de Economía e Empresa, profesor Anxo Calvo, e a decana da Facultade de Ciencias da Educación, profesora Ana Iglesias. O reitor interveu para dicir que se seguirá a insistir perante a CIUG para que estes límites de prazas non sexan superados.

O punto foi aprobado, segundo figura no **anexo IV**, cos votos en contra de Ana Barxa Cid e Inmaculada García-Fuentes Corredoira, representantes do alumnado.

5. Aprobación, se proceder, do anteproxecto de orzamento e Plano Operativo Anual 2016

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** interveu para presentar o anteproxecto de orzamentos e o plano operativo anual da UDC para o exercicio 2016 (a documentación figura no repositorio institucional da UDC).

Comezou o vice-reitor a súa exposición reiterando o compromiso da UDC coa eficiencia desde a que se asegure a suficiencia financeira e se logre un equilibrio adecuado entre ambos os dous principios. Chama a atención acerca de que a UDC recibiu en 2016 do PFSUG 87,89 millóns de euros (o 29,83% do total do SUG). Porén, para o mesmo ano de referencia (2014) pásase dunha participación no financiamento por resultados do 29% (no plan antigo) a apenas o 21% (co novo). Informa de que a Xunta aceptou revisar este mesmo ano os indicadores deste financiamento variable.

Canto ao contexto económico, constatou que desde 2009 o SUG perdeu un 16% do seu financiamento. No caso da UDC, a pesar desta tendencia decrecente do saldo orzamentario e do remanente, debe subliñarse a ausencia de débeda ben como a aposta, única no SUG, polo mantemento do cadro de persoal e polas infraestruturas tecnolóxicas.

Os ingresos previstos ascenden a 116 320 297,54 € (un 0,11% máis que en 2015), mais incluíndo os case 2 millóns de euros da devolución da paga extra de 2012. Salienta que, malia se manteren conxeladas as taxas, aumenta o autofinanciamento da UDC grazas ao incremento das transferencias de I+D+i (3,17%).

Xa nos gastos, experimenta un incremento o capítulo 1 (sobe un 3,5% até alcanzar os 88,38 millóns de euros). Descontando a devolución da paga extra, o incremento real é de, aproximadamente, un 1% e obedece á promoción de PDI. Rexístrase unha tensión co límite, marcado nos orzamentos da Comunidade Autónoma, da masa salarial. O capítulo 2 incrementase un 1,93% (15,2 millóns de euros). Indica o vice-reitor que a redución do orzamento xestionado a nivel de centro se compensa coa previsión dunha importante partida centralizada para acometer as grandes reparacións solicitadas por aqueles. Apunta tamén que a suba dun 16,04% experimentada polo capítulo 4º responde ao apoio ao estudantado a través de bolsas e axudas, para as que a UDC está a procurar financiamento externo por medio de mecenado e patrocinios.

Pola súa parte, o POA comprende cinco grandes áreas de traballo: infraestruturas, docencia, investigación e transferencia, internacionalización e explotación da marca da UDC. Un obxectivo común a todas elas é o de avanzar cara a especialización dos nosos campus. Nese sentido, o orzamento inclúe unha partida de 800 000 € para o proxecto de campus industrial de Ferrol. A seguir, o vice-reitor aludiu a algunhas accións concretas incluídas no POA:

- En materia de docencia e aprendizaxe, as axudas a estudantes (1,5 millóns de euros), á innovación docente e os premios á excelencia.
- En investigación e transferencia, a aposta por manter os fondos propios de investigación da UDC (800 000 €), o incremento da colaboración con empresas do noso contorno e a internacionalización (co apoio de INDITEX).

- A promoción de titulacións internacionais (dobres titulacións e titulacións conxuntas) e a aposta pola mobilidade.
- No ámbito da eficiencia, a centralización de compras e a eficiencia enerxética
- E, por fin, no ámbito da responsabilidade social, a aposta por programas de accesibilidade e pola atención á diversidade.

Iniciou o debate **Alberto Franco**, representante do alumnado, que tras indicar que o financiamento público debe garantir a independencia da universidade pública e saudar o investimento no estudantado, amosou a súa preocupación por que a captación de recursos externos poida supor unha mercantilización da UDC. Nesa mesma liña, opúxose a que a UDC sexa tratada como unha marca porque, ao seu parecer, non é un ben que se venda.

Moisés Canle, decano da Facultade de Ciencias, tomou a palabra para se referir, en primeiro lugar, ao PFSUG. A este respecto, falando en termos de resultados de investigación, considerou que non abonda con falar de tamaño: hai que atender tamén a outros elementos como a idade do PDI, o número de sexenios, o óptimo de sexenios etc. A seguir, referiuse á calidade da docencia para sinalar que a UDC, a diferenza doutras universidades do SUG, envía moitos máis alumnos en prácticas, conta con programas bilingües etc., variables que tamén se deberían ter en conta no SUG. Aludiu, ademais, á necesidade de contabilizar todos os alumnos, isto é, incluír os créditos dos programas de mestrado interuniversitario de alumnado que, formalmente, figura matriculado noutras universidades ben como o número de alumnos en mobilidade, en comparación coas demais universidades do SUG.

Anxo Calvo, decano da Facultade de Economía e Empresa lembrou algunhas reflexións de interese realizadas no debate do día anterior no seo da Comisión de Asuntos Económicos: a necesidade de incrementar os recursos do capítulo III por medio da transferencia de tecnoloxía (art. 83 LOU); que en determinados centros con alta experimentalidade haxa un esforzo especial no mantemento das infraestruturas (tamén no dos edificios singulares); que se manteña a conexión entre orzamento, POA e Plano Estratégico de modo que todas estas ideas sexan aproveitadas no proceso de revisión do PE da UDC.

Indo ao contido dos documentos, o profesor Anxo Calvo valora positivamente a aparición de sinais de cambio (1) na aplicación dun novo PFSUG e (2) o esgotamento do remanente. A este respecto, comenta que da existencia dun aforro bruto negativo (o gasto corrente é superior ao ingreso corrente) pásase a un desaforro do 5,5% en 2015 a un 5,4% en 2016). Que é a primeira vez que a UDC conta cun orzamento con superávit (ingresos non financeiros superiores a gasto non financeiro). E que non se incrementa o endebedamento senón que, pola contra, estamos a devolver os anticipos de anos anteriores.

Conclúe que estamos nunha situación complexa, mais con indicios de que se poden abrir novas potencialidades se somos capaces de mellorar o PFSUG actual e pór en valor a marca UDC.

Xosé Portela, en representación do PAS, chamou en primeiro lugar a atención sobre o desfase existente entre o salario do PAS laboral fixo (que medra) e as pagas extras (que baixan). Salióu a inexistencia de partida para a devolución da paga extra devindicada en 2013 malia existiren sentenzas xudiciais non só para o persoal laboral mais tamén para o funcionario. Neste sentido, propuxo presionar a Xunta de Galiza para que transfira á



UDC os fondos precisos, evitando que os colectivos afectados se vexan forzados a acudir á vía xudicial.

Cualificou o orzamento de continuísta por non aumentar os recursos da acción social (que debe ser obxecto de copagamento polo PAS) e non concordar cos criterios da mesa sindical que acordou volver á acción social de 2013 que representaba un 1,3% da masa salarial. Tamén por manter tratamentos diferenciados lesivos para o PAS (p.ex., as gratificacións extraordinarias por horas extra).

Demandou unha maior belixerancia da UDC fronte á Xunta, porque o PFSUG nin tan sequera garante o financiamento estrutural e o remanente está a piques de se esgotar. Coa repartición por resultados, a Xunta aboca as universidades a competiren entre si por un financiamento insuficiente. Esta decisión encádranse, ao seu xuízo, nunha política xeral de ataque aos servizos públicos orixinada por unha crise da que a universidade pública non é culpable.

A profesora **Sonia Souto**, directora do Departamento de Fisioterapia, defendeu o labor dos departamentos e denunciou a redución nun 30% da súa dotación.

Intervén o **reitor** para responder a algunhas das intervencións anteriores. A respecto da de Xosé Portela, indícalle que o equipo de goberno comparte a súa filosofía: garantía da suficiencia e que o panel de indicadores supoña un financiamento adicional que reconeza as boas prácticas de cada universidade, sen concorrencia entre elas. O problema, acrecentado, é que para resolver os problemas financeiros dunha universidade concreta se recortan os recursos das outras. Indica que a UDC traballa para que a comisión de seguimento do PFSUG revise tanto os criterios de repartición da parte estrutural como os da variable.

Afirma que non hai mercantilización cando o financiamento externo é procurado para contribuír a programas da UDC, non para programas deseñados polos financiadores. Do que se trata é de liberar recursos propios da UDC para os dedicar a finalidades para as que é máis complicado encontrar financiamento externo. Canto á «marca UDC» sinala que o que se persegue é mellorar a imaxe corporativa da universidade e a súa visibilidade social co fin de mellorar a transferencia de resultados, a demanda do alumnado etc.

Valora que a situación segue a ser complexa para a UDC: redución de estudantes de grao (cando a parte estrutural do PFSUG toma en conta o número de alumnos e de créditos matriculados) e a UDC, de media, ten 2 créditos menos por alumno. Por iso afirma que na revisión do PFSUG non se pode ir ao pormenor, senón a magnitudes homoxéneas como, p.ex., a taxa de éxito (e nós temos a máis baixa de todo o SUG!). Que hai que lograr que os indicadores de resultado sexan relativos e non absolutos, co fin de que o tamaño, como indicou Moisés Canle, non inflúa. Debemos atender a todo isto para detectar cales son os indicadores que máis nos poden beneficiar fronte aos actuais que, como xa se dixo, nos penalizan. Con todo, como indicaba Portela, o fundamental non é como se reparte o bolo, senón aumentar o tamaño do bolo.

Por outra parte, o vicerreitor Domingo Calvo insistiu en que non se trata de mercantilizar, xa que todos os proxectos financiados externamente son liderados pola UDC. O que hai son moitas entidades e empresas que agardan por propostas lideradas pola UDC, porque perciben que o crecemento do futuro está no coñecemento, no capital intelectual. Lembrou neste sentido que, nos catro indicadores de financiamento estrutural, a UDC ten



unha porcentaxe maior que a porcentaxe global que o PFSUG nos transfere por este concepto.

Tras concordar coa intervención de Anxo Calvo, indicoulle a Xosé Portela que revisará o desfase entre retribución e paga extra para, a continuación, responder a Sonia Souto que a redución do orzamento dos departamentos obedece á xa indicada maior centralización do gasto.

Acerca da devolución parcial da paga extra de 2013, o xerente explicou que non hai dotación orzamentaria porque tampouco hai partida nos orzamentos autonómicos. Informou de contactos entre as tres xerencias do SUG para que esta devolución se faga efectiva ao persoal – tanto laboral como funcionario – sen necesidade de litixio.

O reitor tomou novamente a palabra para lembrar que o recorte no orzamento dos departamentos é sobre o inicial de 2015, non sobre o orzamento final. Neste sentido, a profesora Sonia Souto recoñeceu que o que se ingresou este ano foi apenas o 40% do orzamento inicial de 2015, tal e como corresponde a un orzamento prorrogado.

Finalmente, o anteproxecto foi aprobado por 31 votos a favor, 2 en contra e 4 abstencións, segundo figura no **anexo V**.

Após a votación, o reitor apelou á responsabilidade dos membros do Consello co fin de evitar filtracións aos medios de comunicación da documentación correspondente aos asuntos que se discuten neste.

6. Aprobación da adhesión da UDC ao grupo de desenvolvemento rural “SEITURA22”

Despois dunha breve presentación do secretario xeral, a adhesión da UDC ao GDR “Seitura 22” foi aprobada por unanimidade, de acordo coa documentación que figura como **anexo VI**.

7. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento para o recoñecemento de grupos e unidades de investigación e investigadores/as da UDC (aprobado no Consello de Goberno do 10-02-2005, modificado no Consello de Goberno do 25-02-2010)

Puntos que hai que modificar (resaltados en amarelo):

*Cada grupo deberá ter unha persoa coordinadora, que debe ser PDI doutor do cadro de persoal **con vinculación permanente** coa UDC, con antigüidade mínima de seis anos de doutor e que acredite actividade investigadora.*

Poderán formar parte do grupo de investigación:

Todas as figuras de profesorado e investigadoras da UDC recollidas na lexislación vixente.

1. As persoas contratadas na UDC ao abeiro dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal, Juan de la Cierva, Ángeles Alvariño e similares, sempre que lles reste unha vinculación coa UDC superior a 1 ano no momento de solicitar a alta.

2. Os/as alumnos/as que estean matriculados/as nun programa oficial de doutoramento da UDC ou de carácter interuniversitario en que participe a UDC.

3. Os bolsellos e contratados de investigación pola UDC de calquera entidade pública ou privada sempre que exista unha convocatoria pública, que a duración



mínima da bolsa ou contrato sexa dun ano, e que estean matriculados nun programa oficial de doutoramento da UDC, ou de carácter interuniversitario en que participe a UDC.

5. As persoas contratadas con cargo a proxectos, convenios ou contratos de investigación sempre que a duración do contrato sexa como mínimo dun ano ininterrompido. No caso de non seren doutores teñen que estar oficialmente matriculados nun programa oficial de doutoramento da UDC, ou de carácter interuniversitario en que participe a UDC, agás que se trate de persoal técnico ou administrativo.

*6. Así mesmo, poderán formar parte do grupo de investigación, como **colaboradores externos**, docentes e investigadores doutores **sen vinculación coa UDC**. De ser o caso, deben contar coa autorización da institución a que pertencen. **Esta colaboración non supón vinculación laboral ou funcionarial ningunha coa UDC.***

Logo dunha breve presentación do vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, a profesora Sonia Souto inicia o debate preguntando se o engadido do punto sexto se refire ao persoal do SERGAS. Responde o vicerreitor indicando que a vinculación do persoal do SERGAS á UDC procede da súa integración no INIBIC, ao que a profesora Souto retruca que a Escola de Doutoramento da UDC precisa que, para formar parte dos tribunais de tese, o persoal do SERGAS ten de estar vinculado á UDC. O vicerreitor comprométese a realizar as consultas oportunas co fin de harmonizar criterios.

A proposta foi aprobada por unanimidade, conforme figura no **anexo VII**.

8. Aprobación da adhesión da UDC á “Fundación para el fomento de la Ingeniería del Agua”

O vicerreitor de Política Científica informa de que foi presentada unha solicitude do investigador Jerónimo Puertas, membro do grupo de Enxeñaría da Auga, para que a nosa universidade se adhira á “Fundación para el Fomento de la Ingeniería del Agua”. Propón o amentado profesor como representante da UDC na dita Fundación, notando que esta adhesión da UDC non supón ningunha repercusión económica.

A proposta foi aprobada por unanimidade conforme á documentación que figura como **anexo VIII**.

9. Aprobación da creación dunha empresa participada pola UDC: Spin-off Lappa

Toma a palabra o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia para solicitar a autorización co fin de impulsar a creación da empresa de base tecnolóxica Lappa. A empresa, participada pola UDC, foi impulsada polos profesores D. Richard Duro Fernández, D. Fernando López Peña, D. Francisco Bellas Bouza, D. Álvaro Deibe Díaz, D. Abraham Prieto García e o investigador D. Arsenio Iglesias Vázquez de acordo coa solicitude de creación do 3 de marzo de 2016, ante a OTRI da Universidade da Coruña, que se achega xunto coa copia do expediente e os informes favorables emitidos pola OTRI e por consultoras externas que valoran a viabilidade da creación da citada spin-off.

A UDC tería unha participación do 5% no capital social da empresa e o resto do capital repártese entre os impulsores da proposta.



Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno para a someter á aprobación do Consello Social, segundo figura no **anexo IX**.

10. Proposta dos criterios de selección de áreas de coñecemento do programa de convocatorias de prazas de profesor/a axudante doutor/a no curso académico 2016/17

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou do mantemento do programa para reducir o número de profesores/as contratados/as interinos/as de substitución e asociados/as que contan cunha acreditación da ACSUG ou da ANECA, e a súa transformación mediante concurso en profesores/as axudantes doutores/as. O número de prazas e o procedemento de solicitude elaborárase antes da aprobación de POD.

Iniciouse, a seguir, un debate coa intervención do profesor **Andrés Marcos**, representante do PDI funcionario, que afirmou que na mesa sindical se acordara atrasar a data o máximo posible. O **vice-reitor** contestou que as necesidades de prazas que se suscitaren fóra da convocatoria, serán igualmente valoradas pola COAP lembrando que, de media, a tramitación destas solicitudes demora nove meses. Comprometeuse a que se houber necesidades docentes, o Consello de Goberno valorará e aprobará a convocatoria da praza. O **reitor** interveu no mesmo sentido, expresando que as prazas que caían fóra da convocatoria serán consideradas coa máxima flexibilidade. **Sonia Souto** solicita que esclareza se, daquela, o compromiso do reitor significa se sempre que os departamentos acrediten, con posterioridade á convocatoria, a existencia de necesidades docentes a praza correspondente vai ser aprobada. O **reitor** responde afirmativamente.

O profesor **Casteleiro** lembra que na COAP se puxo como data límite para estar acreditado o 31 de decembro de 2015. Andrés Marcos pregunta se iso significa que a COAP revisa o acordado pola mesa sindical.

Finalmente, o **reitor** intervén para esclarecer que esta convocatoria non impide que, fóra dela, poidan ser convocadas novas prazas atendendo a acreditacións, necesidades docentes ou solicitudes dos departamentos.

A proposta é aprobada con un só voto en contra segundo figura no **anexo X**.

11. Proposta de autorización de licenzas de ano sabático no curso académico 2016/17

Proposta de aprobación de cinco solicitudes de ano sabático, presentada polo vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente, tras seren informadas pola mesa sindical e a COAP.

Son aprobadas por unanimidade, segundo figuran no **anexo XI**.

12. Modificación da normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC

A vice-reitora de Internacionalización e Cooperación presenta a modificación proposta do artigo 2.1 do regulamento vixente, co fin de habilitar outras vías de acreditación que a persoa interesada debe instar da vice-reitora por medio de solicitude razoada, ben como fixar un prazo de dous anos para acreditar a competencia lingüística para a docencia en

inglés. A alteración da alínea segunda do artigo 2 limita a 25 horas por materia e ano a redución de carga docente.

Aberta a quenda de debate, intervén en primeiro lugar a decana da Facultade de Filoloxía, profesora M^a Jesús Lorenzo Modia, para preguntar se, a respecto das novas vías de acreditación, é o centro quen autoriza despois do informe da vicerreitoría e chamar a atención acerca da eventual confusión a que pode conducir a condición de *visiting professor* dado que no Reino Unido esta categoría equivale ao catedrático do ordenamento español, en tanto que nos EUA é un concepto ben máis xenérico. A vicerreitora contesta que é por esa razón que se establece un estudo *ad casum* de cada solicitude.

A profesora Susana Ladra pregunta se as 25 horas son por profesor ou por materia, ao que a vicerreitora confirma que, en efecto, son por profesor e que, de haber varios, o desconto deberá ser prorrateado entre eles. Intervén o reitor para esclarecer que do que se trata é de evitar que un profesor poida descontar 25 horas por impartir apenas 4 horas dunha materia en inglés. Susana Ladra oponse ao cambio por considerar máis adecuada a redacción anterior. O reitor toma novamente a palabra para indicar que a proposta ten a intención de compensar o PDI polo esforzo de preparar as materias en inglés, homologando unha interpretación equilibrada do desconto docente.

Finalmente, a proposta foi aprobada co voto en contra da profesora Susana Ladra, segundo figura no **anexo XII**.

13. Quenda aberta de intervencións

A alumna **Ana Barxa**, a respecto das reunións entre a UDC e o Concello, solicita que nelas participe a representación do alumnado para trataren dos problemas que lles atinxen, nomeadamente do transporte.

O profesor **Miguel Muñoz** interésase pola situación dos alumnos de doutoramento que deben pasar ao novo programa debido á interpretación do MECED de que as teses tiñan que ser defendidas, a máis tardar, en febreiro de 2016. Pregunta cal vai ser o contido da resolución reitoral ao respecto.

En representación do alumnado de terceiro ciclo, **Guillermo Lorenzo** pregunta cal é o tratamento que se lle vai dar ao desequilibrio salarial entre os FPU da convocatoria de 2015 respecto dos de 2013 e 2014.

O profesor **Moisés Canle** quíxase da filtración da documentación anexa á convocatoria do Consello e pregunta onde se negocia a PDA dos centros, se na xunta de PDI ou entre a dirección de cadanseu centro e a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente. Critica tamén a valoración de criterios históricos en materia de infraestruturas lembrando que hai edificios que, malia non ser históricos, teñen importantes problemas.

A profesora **Inés Pernas** denuncia que os departamentos teñen cada vez menos orzamento. Pon como exemplo que vén de solicitar a renovación dos equipos informáticos, mais que desde o centro se lles respondeu que non hai partida. Pregunta se, de haber unha solicitude conxunta de varios departamentos, sería a Vicerreitoría de Economía quen realizase a compra. Dálle os parabéns ao vicerreitor de Economía polo arranxo das fochancas da estrada que arrodea a ETS de Arquitectura.



Intervén o **reitor** para contestar as cuestións suscitadas. Lembra que a reunión Concello-UDC é de equipos de goberno mais que, a partir desas xuntanzas, se abren canles concretas de diálogo. Comprométese a consultar o estudantado cando sexa tratado o tema do transporte.

Canto ás FPU, informa de que xa se formulou unha consulta á Comisión de I+D+i da CRUE e indica que a UDC non pode asumir o pagamento da diferenza.

Lembra que a documentación do Consello de Goberno é para consulta exclusiva dos membros deste e que, xa que logo, non debería ser filtrada antes do seu debate e da publicación dos acordos. Apela novamente á responsabilidade dos membros do Consello.

Indica que a PDA é elaborada entre os centros e a vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

Sinala que o criterio «histórico» a que se aludiu en materia de infraestruturas (fondo RAM) tenta, no contexto do PFSUG, primar unhas universidades fronte a outras. Recorda que os fondos de docencia se asignan aos centros. Que os departamentos apenas reciben fondos para xestión académica, xa que os de investigación van directamente aos grupos. A centralización de compras finánciase con fondos de centros, departamentos e equipos e non cun fondo específico para «compras centralizadas».

A **vicerreitora de Organización Académica e Innovación Docente** indica que hai 22 alumnos e alumnas de doutoramento fóra da disposición transitoria do RD vixente regulador dos estudos de doutoramento. Informa de que xa hai un borrador de resolución reitoral preparado e que, ante as dúbidas suscitadas pola resposta ambigua do MECD á Universidade de Córdoba, se vai axilizar a aprobación da resolución, logo da negociación cos colectivos interesados (coordinadores de programas, directores e doutorandos).

Ao non haber máis asuntos que tratar, a sesión rematou ás 12:45 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral

Visto e prace
O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso